

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2010

25504 Indicadores de cohesión social

PROXECTO TÉCNICO

Introdución

A evolución da idea de cohesión social en Europa está estreitamente asociada cun sentido supranacional que busca evitar que se produzan desigualdades e brechas sociais insalvables, ademais de superar a pobreza, xa sexa dentro de cada país como entre os estados membros.

O segundo artigo do Tratado de Maastrich, cita como obxectivo da Unión “promover un progreso económico e social equilibrado e sostible, principalmente mediante a creación dun espazo sen fronteiras interiores, o fortalecemento da cohesión económica e social, e o establecemento dunha unión económica e monetaria...”

O Consello Europeo de 1997 identificou a cohesión social como unha das necesidades principais de toda Europa e como un complemento esencial na promoción dos dereitos e dignidade humanos, que se definen como a capacidade para asegurar o benestar de todos os membros da sociedade, ao minimizar as disparidades e evitar a polarización. Como marco legal mencionáronse o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e o Protocolo de Emenda á Carta Social Europea, e para desenrolar esta perspectiva na política instaurouse o Comité Europeo para a Cohesión Social.

No 2000, os participantes no Cumio Europeo celebrado en Lisboa, quixeron dar un salto na competitividade da economía da Unión, estableceron unha axenda social e concluíron: “deben tomarse medidas que teñan un impacto decisivo na erradicación da pobreza establecendo obxectivos adecuados que deberá acordar o Consello a máis tardar a finais de ano”. A necesidade de establecer indicadores cuantitativos e comparables para avaliar o avance dos Estados membros da Unión Europea respecto da inclusión social acordouse o mesmo ano no Consello europeo celebrado en Niza.

En setembro de 2001, organizouse en Amberes a Conferencia de alto nivel sobre indicadores de inclusión social co fin de aplicar os obxectivos comúns a nivel da Unión europea e, meses despois, o consello Europeo adoptou en Laeken 18 indicadores que cobren catro áreas temáticas centrais: ingreso, emprego, educación e saúde; que permiten facer o seguimento dos obxectivos da axenda social europea.

Establecéronse catro obxectivos básicos para 2010: garantir que todas as persoas teñan acceso ao emprego e beneficiense dos recursos, os dereitos, os bens, e os servizos; prevenir o risco da exclusión; axudar aos máis vulnerables, e mobilizar a todos os axentes relevantes nos temas de pobreza e exclusión social. No marco da construción desta axenda común

elabóranse os indicadores de cohesión social. Por tanto os indicadores deben cumprir dous requisitos: responder a obxectivos comúns plasmados na axenda social e ser útiles para comparar a situación entre os Estados membros e avaliar os obxectivos.

Obxectivo

Os indicadores de Laeken foron definidos e estruturados en forma explícita como indicadores de resultados. É dicir, usámoslos para un propósito específico como é a medición de resultados sociais.

Actualmente temos 21 indicadores; 18 deles datan de 2001 e entre ese ano e 2006 eliminouse o indicador de percepción do propio estado de saúde e engadíronse outros catro. Desde febreiro de 2001, o subgrupo sobre indicadores do comité de protección social propuxo clasificalos por orde de prioridade en dous niveis: primario e secundario, formados respectivamente por 12 e 9. Estes indicadores abranguen as categorías de ingreso, emprego, educación e saúde. Son os seguintes:

Indicadores primarios

Ingreso

1. Taxa de renda baixa despois das transferencias (limiar fixado no 60% da renda mediana)
 - 1a. Taxa de renda baixa despois das transferencias, por tipo de fogar
 - 1b. Taxa de renda baixa despois das transferencias, por intensidade do traballo dos membros do fogar
 - 1c. Taxa de renda baixa despois das transferencias, por actividade mais frecuente
 - 1d. Taxa de renda baixa despois das transferencias, por condición de tenencia da vivenda
2. Taxa de renda baixa despois das transferencias, valores ilustrativos
3. Distribución da renda (quintil 5/quintil 1)
4. Persistencia de renda baixa (tomando como base o 60% da renda mediana)
5. Brecha da renda baixa mediana (diferenza entre o ingreso mediano dos pobres e o limiar do 60% da renda mediana)

Emprego

6. Cohesión rexional (dispersión das taxas provinciais de emprego)
7. Taxa de desemprego de longa duración (porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos 12 meses)
 - 8a. Nenos (0-17 anos) que viven en fogares nos que non traballa ningún dos seus membros
 - 8b. Adultos (18-59 anos) que viven en fogares nos que non traballa ningún dos seus membros
12. Brecha de emprego dos inmigrantes.

Educación

9. Persoas que abandonan prematuramente o ensino e non seguen ningún tipo de educación o formación
10. Estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de lectura

Saúde

11. Esperanza de vida ao nacer

Indicadores secundarios

Ingreso

- 13. Dispersión en torno ao limiar de renda baixa
- 14. Taxa de renda baixa no momento determinado
- 15. Taxa de renda baixa antes das transferencias, por sexo
- 16. Coeficiente de Gini
- 17. Persistencia da renda baixa (tomando como base o 50% da renda mediana)
- 18. Traballadores en risco de pobreza

Emprego

- 19. Proporción do desemprego de longa duración
- 20. Taxa de desemprego de moi longa duración (porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos 24 meses)

Educación

- 21. Persoas con baixos niveis educativos

Fonte: Simone Cecchini, “La medición de la cohesión social en la Unión Europea (indicadores Laeken) y su aplicación en América Latina”, Santiago de Chile, 2006, inédito.

Normativa. Xustificación

Seguindo a normativa proposta polo comité de protección social tratamos de obter todos os indicadores primarios e o maior número de secundarios posibles así como respectar as definicións na medida en que as fontes que temos o permitan para poder así comparar os nosos resultados cos que se produzan no ámbito da Unión Europea.

Fontes. Información de base

Para a elaboración dos indicadores de “ingresos” utilízase a información da enquisa de condicións de vida elaborada por este Instituto de estatística e tomando como unidade básica o fogar.

No caso dos indicadores de emprego tomamos os datos proporcionados polo INE na súa “Encuesta de población activa” (EPA) e traballando con microdatos para obter os indicadores referidos ao grupo de nenos ou maiores que viven en fogares nos que non traballa ninguén. Na EPA a unidade básica de estudo é a persoa.

Traballamos tamén con datos de afiliacións á Seguridade social proporcionados pola Tesorería General de la Seguridad social.

No apartado de educación obtivemos os resultados facendo unha explotación dos microdatos da EPA para a nosa rexión. Atopamos tamén algúns datos nos Informes PISA 2000, PISA 2003 e PISA 2006. “Programa para la Evaluación Internacional de Alumnos de la OCDE” publicado polo Ministerio de Educación (estamos á espera da publicación dos resultados do ano 2009, que será ao longo do ano 2010).

No tocante ao indicador de saúde temos o dato da esperanza de vida ao nacer elaborado polo IGE e tomando como fontes : INE. Padrón municipal de habitantes. IGE, INE. Movemento natural da poboación.

Procedemento de cálculo

Área ingresos

Os indicadores de ingresos son once—cinco primarios e seis secundarios— céntranse nos ingresos baixos, debido a que nunha economía de mercado a insuficiencia de recursos monetarios reduce o acceso a un conxunto de bens e servizos.

Nesta operación o IGE presenta 6 dos 11 indicadores de ingresos posto que é para os que se ten dispoñibilidade dos datos. Amósanse, coa súa desagregación, no cadro inferior.

Indicadores Laeken sobre cohesión social na Unión Europea (IGE)		
Área temática/Indicador	Desagregación por:	
	Edad	Sexo
Indicadores primarios		
Ingreso		
1. Taxa de risco de pobreza (limiar fixado no 60% da renda mediana)	Sí	Sí
2. Taxa de risco de pobreza, valores ilustrativos (limiar de pobreza)	No	No
3. Distribución da renda (S80/S20)	No	No
5. Brecha (desfase) relativo da renda baixa mediana (diferenza entre o ingreso mediano dos pobres e o limiar do 60% da renda mediana)	Sí	Sí
Indicadores secundarios		
Ingreso		
12. Distribución en torno ao limiar de renda baixa mediana	Sí	Sí
16. Coeficiente de Gini	No	No

Para a súa elaboración debemos ter en conta algunhas definicións previas:

Ingreso equivalente: é o ingreso medio mensual do fogar dividido entre o número de unidades de consumo (u.c.). O número de unidades de consumo nun fogar (u.c.) calcúlase como a suma do peso que se adxudica a cada membro. Os pesos adxudícanse do seguinte xeito:

Primeiro adulto	→	1
Segundo adulto e seguintes (persoas de 14 o máis anos)	→	0,5
Menores de 14 años	→	0,3

Esta asignación de pesos coñécese como Escala OCDE modificada. Para o cálculo do limiar de risco de pobreza a cada persoa se lle atribúe o ingreso equivalente do fogar ao que pertence, independentemente, de si percibiu ou non ingresos e da súa idade.

A continuación se definen os indicadores de ingreso elaborados polo IGE.

- O primeiro indicador é a taxa de risco de pobreza, segundo distintas desagregacións. Este é un indicador de pobreza relativa, é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, que se establece no 60% da renda mediana equivalente (de todas as persoas).

Ademais, dado que o limiar do 60% da renda mediana é arbitrario, os indicadores Laeken tamén inclúen indicadores secundarios que utilizan os limiares do 40%, 50% y 70% da renda mediana (é o da distribución en torno ao limiar de renda baixa mediana), noutras palabras, é a porcentaxe de persoas cuxa renda equivalente é inferior ao 40, 50 e 70% da renda mediana nacional equivalente.

- O segundo indicador, limiar de pobreza, proporciona o 60% da renda mediana equivalente. Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen.

- O terceiro, a distribución da renda S80/S20, permite examinar a posición relativa do quintil máis pobre da poboación na distribución do ingreso con relación ao quintil máis rico; este indicador se acompaña dun complementario, o coeficiente de Gini (indicador 16), que permite considerar a distribución do ingreso na súa totalidade. A fórmula de cálculo é a seguinte:

$$\frac{S_{80} = \frac{\sum_{\text{personas con PQB}=5} (\text{pesos}'i * (\text{EQ_INC})i)}{\sum_{\text{personas con PQB}=5} \text{pesos}'i}}{S_{20} = \frac{\sum_{\text{personas con PQB}=1} (\text{pesos}'i * (\text{EQ_INC})i)}{\sum_{\text{personas con PQB}=1} \text{pesos}'i}}$$

sendo:

EQ_INC os ingresos equivalentes (“equivalent incomes”)

PQB o quintil

O coeficiente de Gini proporciona a relación entre as partes acumulativas da poboación distribuída segundo a súa renda e as partes acumulativas do total da súa renda. É o índice máis utilizado para medir a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun

colectivo. Para o seu cálculo utilízase o ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

O quinto, a brecha (desfase) relativo da renda baixa mediana, mide como son de distantes os ingresos das persoas en risco de pobreza respecto do limiar do 60% da mediana de ingresos. Noutras palabras, defínese como a diferenza entre o limiar e a mediana dos ingresos por unidade de consumo das persoas que se atopan por debaixo dese limiar, expresado como unha porcentaxe do limiar de pobreza.

$$Brecha\ pobreza = \frac{(Limiar) - (Mediana_Pobres)}{Limiar} \qquad Limiar = 60\% Mediana$$

Área emprego

Temos seis indicadores (catro primarios e dous secundarios) correspondentes á área emprego, xa que a participación no mercado laboral é vista como un factor importante de inclusión social.

O sexto indicador, **cohesión rexional**, mide a dispersión das taxas rexionais de emprego na Unión Europea. No caso de Galicia, para calculalo, utilizamos o coeficiente de variación das taxas provinciais de emprego.

Temos os datos da EPA a nivel provincial para o número de ocupados e o número de activos tanto do total como por sexo para cada ano. A taxa de emprego calculámola como o cociente entre o número de ocupados e o número de activos en cada unha das catro provincias galegas.

Taxa de emprego = nº de ocupados / nº de activos

Calculamos, para cada ano, a desviación típica das taxas de cada provincia así como o promedio das taxas destas mesmas provincias. O cociente entre ambos dá como resultado o coeficiente de variación de Pearson que é o que mide o grado de dispersión das taxas provinciais.

C.V = desvest / promedio

Ao dividir a desviación típica polo promedio, este coeficiente convértese nun valor exento de unidade de medida. Si comparamos a dispersión en varios conxuntos de observacións terá menor dispersión e polo tanto maior cohesión entre provincias, aquela que teña menor coeficiente de variación. A importancia deste indicador reside en que unha clara comprensión da pobreza e a exclusión social a nivel subrexional é importante para o deseño e implementación de políticas públicas.

Preséntase o resultado en porcentaxe (multiplicado por 100) para facer máis sinxela a súa interpretación.

A **taxa de desemprego de longa duración** defínese como a porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos 12 meses.

$\% \text{ de desemprego de longa duración} = (\text{parados de longa duración} / \text{poboación activa}) * 100$

No caso **da taxa de desemprego de moi longa duración** calcularíamos todo igual cambiando o numerador polo de número de parados de moi longa duración, e defínese como a porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos 24 meses.

Para o cálculo destas dous taxas obtemos os datos directamente da EPA. Buscamos os datos segundo tempo de procura de emprego tendo en conta que si falamos dos parados de longa duración temos que sumar os que levan entre un e dous anos buscando emprego e os que levan máis de dous anos. No caso dos de moi longa duración sómente collemos os que levan máis de dous anos buscando emprego.

Outro indicador secundario de emprego é a **proporción de desemprego de longa duración** que calculamos como o cociente entre o número de parados de longa duración e o número total de parados multiplicado por 100.

$\% \text{desemprego de longa duración} = \text{n}^\circ \text{ parados longa duración} / \text{n}^\circ \text{ total de parados}$

Os resultados destas tres taxas serán tanto peores canto maiores sexan. Miden os riscos de exclusión social e de pobreza.

Recoñecendo que o benestar dos individuos non depende sómente da súa posición laboral individual senón tamén da relación do fogar co mundo do traballo, un dos indicadores primarios é a proporción de persoas que viven en fogares onde, pola idade dos seus integrantes, polo menos algunha persoa debería traballar, pero que ao mesmo tempo son fogares nos que ningún dos membros traballa.

Traballando cos microdatos da EPA para Galicia, obtivemos o número de nenos (0-17 anos) e o de maiores (18-59) que viven en fogares nos que non traballa ninguén e pola idade dos membros do fogar alguén podería facelo. Dividindo estes datos anuais entre a poboación galega dese grupo de idade proporcionada directamente polo INE na EPA obtivemos os indicadores 8a e 8b, en porcentaxe.

O indicador 12, **brecha de emprego dos inmigrantes**, refírese aos problemas de emprego da poboación inmigrante. Dados os datos dos que dispoñemos decidimos calcular un cociente entre o número de estranxeiros en alta laboral afiliados á seguridade social en Galicia e o

número de estranxeiros en idade de traballar existentes no Padrón municipal de habitantes na nosa Comunidade Autónoma.

Este cociente é unha “especie” de taxa de paro da poboación inmigrante. Canto máis baixa sexa reflexará maiores problemas de emprego para a poboación inmigrante.

Área educación

Neste área temos dous indicadores primarios e un secundario. Entre os primarios está as **Persoas que abandonan prematuramente o ensino e non seguen ningún tipo de educación ou formación.**

Este indicador defínese como a proporción de xente nova (entre 18 e 24 anos) que non segue estudos nin formación e cuxo nivel de estudos non sobrepasa a educación secundaria inferior. Revela a eficiencia do sistema educativo dun país, así como a habilidade dunha sociedade para loitar contra a pobreza e mellorar os niveis de cohesión social. Obtivemos os datos para Galicia da EPA (Encuesta de poboación activa); considerouse a porcentaxe de persoas de 18 a 24 anos que posúen como estudos máximos educación secundaria obrigatoria ou anteriores niveis educativos

O segundo indicador primario é o dos **estudantes de 15 anos con baixo rendemento en probas de lectura.** Este indicador aborda o problema dos estudantes con niveis deficientes de lectura, medidos cos instrumentos desenrolados polo Programa Internacional de Avaliación de Estudantes (PISA) da Organización de Cooperación e desenvolvemento económico OCDE, que avalía os coñecementos adquiridos e as habilidades desenroladas polos estudantes.

O programa PISA é un estudo realizado por iniciativa e baixo a coordinación da OCDE. Lévese a cabo cada tres anos e avalía os coñecementos e as destrezas dos alumnos de 15 anos nas materias de Matemáticas, Lectura e Ciencias. Este estudo realizouse por cuarta vez no ano 2009. Neste indicador se analizan os resultados en Lectura, materia que foi prioritaria tamén na edición do 2000. A competencia lectora defínese como a comprensión e o emprego de textos escritos e a reflexión persoal a partir deles co gallo de acadar as metas propias, desenrolar o coñecemento e o potencial persoal e participar na sociedade. Por tanto, PISA mide a lectura como a habilidade dos alumnos para usar a información escrita en situacións da vida cotiá. Os resultados de rendemento están referenciados a unha media dos países da OCDE de 492 puntos e unha desviación típica de 99 (o que significa que aproximadamente as dous terceiras partes dos alumnos participantes obteñen unha puntuación entre 393 y 591 puntos). Dichas puntuacións organizáronse en 6 niveis de rendemento, que se numeran do 1 ao 5, e aos que engádese un nivel menor que 1, correspondente a un nivel de competencia tan escaso que PISA non é capaz de describilo adecuadamente. Para a análise e descrición deste indicador se considerarán os niveis <1 e 1 como baixos, o 2 e 3 como medios e o 4 e 5 como niveis altos.

Os datos recóllense do Programa para la Avaliación Internacional de Alumnos de la OCDE. PISA 2006. Informe español. Publicado no Sistema estatal de indicadores de educación. MEC. Como indicador secundario de educación calcúlase as **Persoas con baixos niveis educativos**. Este indicador refírese aos adultos de entre 25 e 65 anos que sómente completaron o primeiro ciclo de ensino secundario (este ciclo correspóndese co nivel 2 da clasificación Internacional Normalizada da Educación CINE 1997). Este indicador, ao referirse ao nivel de ensino acadado sómente da unha indicación aproximada dos coñecementos adquiridos.

Este indicador elabórase a partir dos microdatos da EPA.

Área saúde

Nesta área o único indicador é a **Esperanza de vida ao nacer** (Indicador 11) posto que sintetiza distintos factores, dende o nivel socioeconómico ata o acceso á atención médica.

Difusión

Farase a difusión dos resultados anuais para Galicia, ofrecendo datos por sexo e idade nos casos nos que sexa posible e cunha actualización continua na web do IGE